They are boys. And girls. That's all. No matter how much we undress their childhood and blur them under that dehumanizing acronym MENA (unaccompanied foreign minor), we will not be able to erase them. They are there, knocking on the door of Europe's southern border. Drenched after swimming for hours to face a reception retinue that is not at all welcoming. Twisting their bodies until they fit into the narrow gap under a truck. Perched on a fence topped with barbed wire, like little Christs with their personal crown of thorns. Crouched in the forest. Concentrated by the breakwater barrier when night falls, warming themselves by an improvised fire. Alone. Hundreds or thousands of kilometers from that safety net that called family. Losing rights or moving further away from the possibility of having them with every step. Somewhere between sleep and nothingness. With no one, in short, to hold their hand.





[ GL ] 1 de febreiro de 2018. Ceuta, España. As súas mans falan de indiferenza social, de maltrato, de racismo. Saen na procura dun futuro mellor e son abusados, perseguidos. Tras eses corpos sucios e esas mans cheas de cicatrices só hai nenos. A situación crítica do Magreb e doutros países como Senegal explican o aumento de chegadas, aseguran desde Save the Children.

[ ES ] 1 de febrero de 2018. Ceuta, España. Sus manos hablan de indiferencia social, de maltrato, de racismo. Salen en busca de un futuro mejor y son abusados, perseguidos. Tras esos cuerpos sucios y esas manos llenas de cicatrices solo hay niños. La situación crítica del Magreb y de otros países como Senegal explican el aumento de llegadas, aseguran desde Save the Children.

[ PT ] 01 de febreiro de 2018. Ceuta, Espanha. Suas mãos falam de indiferença social, de maus-tratos, de racismo. Saem em busca de um futuro melhor e são abusados, perseguidos. Por trás desses corpos sujos e dessas mãos cheias de cicatrizes, há apenas crianças. A situação crítica do Magreb e de outros países como Senegal explicam o aumento de chegadas, afirma a organização "Save the Children".

[ EN ] February 1, 2018. Ceuta, Spain. Their hands speak of social indifference, abuse, racism. They go out in search of a better future and are abused, persecuted. Behind those dirty bodies and those scarred hands there are only children. The critical situation in the Maghreb and other countries such as Senegal explain the increase in arrivals, say Save the Children.



[ GL ] 16 de setembro de 2015. Melilla, España. Empoleirados. Agachados. Elixindo, coma estratexas expertos, o mellor momento para saltar. Xogando ao gato e o rato coa Garda Civil. Pero non é divertido. En cada decisión arríscanse a volver á casa de saída. En 2023 chegaron a España de forma irregular 5151 nenos e nenas menores de 18 anos. Un 116,8% máis ca en 2022.

[ ES ] 16 septiembre de 2015. Melilla, España. Encaramados. Escondidos. Eligiendo, como estratexas expertos, el mejor momento para saltar. Jugando al gato y al ratón con la Guardia Civil. Pero no es divertido. En cada decisión se arriesgan a volver a la casilla de salida. En 2023 llegaron a España de forma irregular 5151 niños y niñas menores de 18 años. Un 116,8 % más que en 2022.

[ PT ] 16 de setembro de 2015. Melilla, Espanha. Empoleirados. Escondidos. Escolhendo, como se fossem estrategistas experientes, o melhor momento para pular. Brincando de gato e rato com a Guarda Civil. Mas não é divertido. A cada decisão, arriscam-se a voltar à estaca zero. Em 2023, chegaram à Espanha de forma irregular 5.151 crianças menores de 18 anos. Um aumento de 116,8% em relação a 2022.

[ EN ] September 16, 2015. Melilla, Spain. Perched. Hidden. Choosing, like expert strategists, the best moment to jump. Playing cat and mouse with the Civil Guard. But it's not fun. In each decision they risk going back to square one. In 2023, 5,151 boys and girls under 18 years of age arrived irregularly in Spain. 116.8% more than in 2022.





[ GL ] 20 de maio de 2021. Ceuta, España. “Vin porque tiña un soño que non podía cumprir no meu país”, di Ahmed. As pantallas son a única fonte de información sobre a que forxan o “soño europeo”. Os que o logran convértense en “MENAS”, unha figura chea de contradicións por un sistema de acollida, protección e integración que non funciona porque nin acolle, nin protexe, nin integra.

[ ES ] 20 de mayo de 2021. Ceuta, España. “Vine porque tenía un sueño que no podía cumplir en mi país”, dice Ahmed. Las pantallas son la única fuente de información sobre la que forjan el “sueño europeo”. Los que lo logran se convierten en “MENAS”, una figura llena de contradicciones por un sistema de acogida, protección e integración que no funciona porque ni acoge, ni protege ni integra.

[ PT ] 20 de maio de 2021. Ceuta, Espanha. “Vim porque tinha um sonho que não podia realizar em meu país”, diz Ahmed. As telas são a única fonte de informação sobre as quais constroem o “sonho europeu”. Aqueles que conseguem se tornam “MENAS”, uma figura cheia de contradições devido a um sistema de acolhimento, proteção e integração que não funciona porque não acolhe, não protege e não integra.

[ EN ] May 20, 2021. Ceuta, Spain. “I came because I had a dream that I couldn’t realize in my country,” says Ahmed. Screens are the only source of information on which the “European dream” is forged. Those who achieve it become “MENAS”, a role full of contradictions due to a system of reception, protection and integration that does not work because it neither welcomes, protects nor integrates.



[ GL ] 19 de maio de 2021. Ceuta, España. A identificación que se fai cando chegan é outro dos problemas denunciados polas ONG. Fixar a idade mediante unha radiografía de pulso é unha proba pouco fiable. Ese método, que debería ser o último recurso, úsase incluso cando portan documentación que acredita a súa idade. Douscentos menores foron tratados como adultos, segundo a Fiscalía.

[ ES ] 19 de mayo de 2021. Ceuta, España. La identificación que se hace cuando llegan es otro de los problemas denunciados por las ONG. Fijar la edad por una radiografía de muñeca es una prueba poco fiable. Ese método, que debería ser el último recurso, se usa incluso cuando portan documentación que acredita su edad. Doscientos, menores fueron trataron como adultos, según la Fiscalía.

[ PT ] 19 de maio de 2021. Ceuta, Espanha. A identificação feita quando chegam é outro dos problemas denunciados pelas ONGs. Determinar a idade através de uma radiografia do pulso é um método pouco confiável. Esse método, que deveria ser o último recurso, é utilizado mesmo quando portam documentação que comprova sua idade. Segundo o Ministério Público, 200 menores foram tratados como adultos.

[ EN ] May 19, 2021. Ceuta, Spain. The identification method carried out upon their arrival is one of the problems reported by NGOs. Establishing age by a wrist x-ray is an unreliable test. This method, which should be the last resort, is used even when they carry documentation proving their age. 200 minors were treated as adults, according to the Prosecutor's Office.




[ GL ] 20 de maio de 2021. Ceuta, España. Nas últimas horas do 18 de maio de 2021, polo menos 1500 menores chegaron á cidade. Causas políticas, inestabilidade alimentaria, crise climática... xeran cada vez máis migracións. A ONU calcula que cada ano 20 millóns de persoas migran por fenómenos meteorolóxicos extremos, secas prolongadas, chuvias torrenciais, desertificación...

[ ES ] 20 de mayo de 2021. Ceuta, España. En las últimas horas del 18 de mayo de 2021 al menos 1500 menores llegaron a la ciudad. Causas políticas, inestabilidad alimentaria, crisis climática generan cada vez más migraciones. La ONU calcula que cada año 20 millones de personas migran por fenómenos meteorológicos extremos, sequías prolongadas, lluvias torrenciales, desertificación...

[ PT ] 20 de maio de 2021. Ceuta, Espanha. Nas últimas horas de 18 de maio de 2021, pelo menos 1.500 menores chegaram à cidade. Causas políticas, inestabilidade alimentar, crise climática geram cada vez mais migrações. A ONU estima que todos os anos 20 milhões de pessoas migram devido a fenómenos climáticos extremos, secas prolongadas, chuvas torrenciais, desertificação...

[ EN ] May 20, 2021. Ceuta, Spain. In the last hours of May 18, 2021, at least 1,500 minors arrived in the city. Political causes, food instability or the climate crisis generate more and more migrations. The UN estimates that, every year, 20 million people migrate due to extreme weather phenomena, prolonged droughts, torrential rains, desertification...




[ GL ] 5 de abril de 2018. Ceuta, España. Un neno e un mozo morreron, por mor do frío, nun caiuco rescatado en Canarias en decembro. Segundo a OIM, 1411 é o número oficial de mortes rexistradas en 2023 entre a ruta canaria e o Mediterráneo. Polo menos 51 eran nenos, nenas e adolescentes. A propia organización recoñece: poderían ser moitos máis.

[ ES ] 5 de abril de 2018. Ceuta, España. Un niño y un joven murieron, a causa del frío, en un cayuco rescatado en Canarias en diciembre. Según la OIM, 1411 es el número oficial de muertes registradas en 2023 entre la ruta canaria y el Mediterráneo. Al menos 51 eran niños, niñas y adolescentes. La propia Organización lo reconoce: podrían ser muchos más.

[ PT ] 05 de abril de 2018. Ceuta, Espanha. Um menino e um jovem morreram devido ao frio em uma canoa resgatada nas Canárias em dezembro. De acordo com a OIM, 1411 é o número oficial de mortes registradas em 2023 entre a rota canária e o Mediterrâneo. Pelo menos 51 eram crianças e adolescentes. A própria Organização reconhece: poderiam ser muitos mais.

[ EN ] April 5, 2018. Ceuta, Spain. A child and a young man died of cold in a canoe rescued in the Canary Islands in December. According to the IOM, 1,411 is the official number of deaths recorded in 2023 on the route between the Canary Islands and the Mediterranean. At least 51 were boys, girls and adolescents. The Organization itself recognizes the fact that there could be many more.



[ GL ] 21 de maio de 2021. Ceuta, España.

Mama: Oxalá no vos pase nada! Aínda sodes moi pequenos, Marwan. Estou preocupada por ti e por Sufian. Non sei como fuches nadando a España!!!!

Marwan: Non teñas medo, xa estou aquí.

Mamá: Córdate moito!

Marwan: Non teñas medo, mamá.

Unha semana despois de entrar a nado, fala coa súa nai desde o teléfono do fotógrafo. A rúa é a súa nova casa, sen teito que o acubille nin porta que o protexa.

[ ES ] 21 de mayo 2021. Ceuta, España.

Mama: ¡Ojalá no os pase nada! Aún sois muy pequeños, Marwan. Estoy preocupada por ti y por Sufian. No sé cómo te fuiste nadando a España!!!!

Marwan: No tengas miedo, ya estoy aquí.

Mamá: ¡Cuídate mucho!

Marwan: No tengas miedo, mamá.

Una semana después de entrar a nado, habla con su madre desde el teléfono del fotógrafo. La calle es su nueva casa, sin techo que le cobije ni puerta que le proteja.

[ PT ] 21 de maio de 2021. Ceuta, Espanha. Mãe: Tomara que nada aconteça com vocês! Ainda são muito pequenos, Marwan. Estou preocupada com você e com Sufian. Não sei como vocês foram nadando até a Espanha!!!

Marwan: Não tenha medo, já estou aqui.

Mãe: Cuide-se muito!

Marwan: Não tenha medo, mãe.

Uma semana depois de chegar nadando, ele fala com sua mãe do telefone do fotógrafo. A rua é sua nova casa, sem teto para abrigá-lo ou porta para protegê-lo.

[ EN ] May 21, 2021. Ceuta, Spain.

Mom: I hope nothing happens to you! You are still very young, Marwan. I'm worried about you and Sufian. I don't know how you swam to Spain!!!!

Marwan: Don't be afraid, I'm here.

Mom: Take care of yourself!

Marwan: Don't be afraid, mum.

A week after swimming in, he talks to his mother from the photographer's phone. The street is his new home, without a roof to shelter him or a door to protect him.







[ GL ] 7 de abril de 2018. Ceuta, España. O Goberno acordou en marzo crear una Comisión Interministerial de Migracións, un organismo esencial a xuízo de Save the Children. Hai que dar un pulo á repartición de nenos e nenas sen referentes familiares entre comunidades autónomas. A xestión desta infancia e adolescencia non acompañada é un desafío complexo que require unha resposta integral e coordinada.

[ ES ] 7 de abril de 2018. Ceuta, España. El Gobierno acordó en marzo crear una Comisión Interministerial de Migraciones, un organismo esencial a juicio de Save the Children. Hay que dar un impulso al reparto de niños y niñas sin referentes familiares entre comunidades autónomas. La gestión de esta infancia y adolescencia no acompañada es un desafío complejo que requiere una respuesta integral y coordinada.

[ PT ] 07 de abril de 2018. Ceuta, Espanha. O goberno concordou em março em criar uma Comissão Interministerial de Migrações, um organismo considerado essencial pela "Save the Children". É necessário impulsionar a distribuição de crianças sem referências familiares entre as comunidades autônomas. O manejo dessa infância e adolescência não acompanhada é um desafio complexo que requer uma resposta integral e coordenada.

[ EN ] April 7, 2018. Ceuta, Spain. In March, The Government agreed to create an Interministerial Migration Commission, an essential body, according to Save the Children. The allocation of boys and girls with no family references among different autonomous regions needs a boost. Managing this unaccompanied childhood and adolescence is a complex challenge that requires a comprehensive and coordinated response.



[ GL ] 19 de abril de 2021. Ceuta, España. España vulnera os dereitos dos MENA sistematicamente. Non recoñece o seu dereito á asistencia letrada. Promove a súa devolución en quente. Déixaos fóra dos recursos de protección, sen asistencia sanitaria. Nun limbo que obriga as ONG a introducilos en recursos para adultos, exponéndoo a outros riscos. Abócaos a converterse en nenos da rúa.

[ ES ] 19 de abril 2021. Ceuta, España. España vulnera los derechos de los MENA sistemáticamente. No reconoce su derecho a la asistencia letrada. Promueve su devolución en caliente. Los deja fuera de los recursos de protección, sin asistencia sanitaria. En un limbo que obliga a las ONG a introducirlos en recursos para adultos, exponiéndolos a otros riesgos. Los aboca a convertirse en niños de la calle.

[ PT ] 19 de abril de 2021. Ceuta, Espanha. A Espanha viola sistematicamente os direitos dos MENAS. Não reconhece seus direitos à assistência jurídica. Promove a deportação imediata. Deixa-os fora dos recursos de proteção, sem assistência médica. Em um limbo que obriga as ONGs a incluí-los em recursos para adultos, expondo-os a outros riscos. Isso os leva a se tornarem crianças de rua.

[ EN ] April 19, 2021. Ceuta, Spain. Spain systematically violates the rights of the MENA. By not recognizing their right to legal assistance. By encouraging immediate returns. By excluding them from protection resources, such as health care. Leaving them in a limbo state that forces NGOs to introduce them to adult resources, exposing them to other risks. It leads them to become street children.





[ GL ] 13 de setembro de 2015. Melilla, España. Uns 60 menores non acompañados viven nas rúas de Melilla, escondidos, esperando coarse nalgún barco rumbo á península. Desamparados, moitos consomen droga, son abusados... Foxen de guerras, de medios hostís, da falta de oportunidades. Save the Children pide coordinación entre comunidades, máis prazas e máis financiamento, sobre todo para os que axiña serán maiores de idade.

[ ES ] 13 septiembre 2015. Melilla, España. Unos 60 menores no acompañados viven en las calles de Melilla, escondidos, esperando colarse en algún barco rumbo a la península. Desamparados, muchos consumen droga, son abusados... Huyen de guerras, de entornos hostiles, de la falta de oportunidades. Save the Children pide coordinación entre comunidades, más plazas y más financiación, sobretodo para los que pronto serán mayores de edad.

[ PT ] 13 de setembro de 2015. Melilla, Espanha. Aproximadamente 60 menores não acompanhados vivem nas ruas de Melilla, escondidos, esperando se infiltrar em algum barco rumo à península. Desamparados, muitos consomem drogas, são abusados... Fogem de guerras, de ambientes hostis, da falta de oportunidades. "Save the Children" pede coordenação entre comunidades, mais vagas e mais financiamento, especialmente para aqueles que em breve serão maiores de idade.

[ EN ] September 13, 2015. Melilla, Spain. About 60 unaccompanied minors live on the streets of Melilla, hiding, waiting to sneak onto a boat heading to the peninsula. Helpless, many consume drugs, are abused... They flee from wars, from hostile environments, from no opportunities. Save the Children calls for better coordination between communities, more free places and more funding, especially for those who will soon be of age.

[ GL ] 31 de xaneiro de 2018. Ceuta, España. Decenas de menores non acompañados malviven nas rúas de Ceuta. Son tratados como estranxeiros, sen protección suficiente. Os baixos de calquera camión en ruta á península son a súa esperanza. O seu destino, ás veces, está alén dos Pireneos. Irún e Baiona son cidades de tránsito para centos de migrantes. Case o 90% dos que se moven en Irún pasaron antes por Canarias.

[ ES ] 31 enero 2018. Ceuta, España. Decenas de menores no acompañados malviven en las calles de Ceuta. Son tratados como extranjeros, sin protección suficiente. Los bajos de cualquier camión en ruta a la península son su esperanza. Su destino, a veces, está más allá de los Pirineos. Irún y Bayona son ciudades de tránsito para cientos de migrantes. Casi el 90% de los que se mueven en Irún han pasado antes por Canarias.

[ PT ] 31 de janeiro de 2018. Ceuta, Espanha. Dezenas de menores não acompanhados sobrevivem precariamente nas ruas de Ceuta. São tratados como estrangeiros, sem proteção adequada. Os compartimentos de qualquer caminhão em rota para a península são sua esperança. Seu destino, por vezes, está além dos Pireneus. Irún e Bayonne são cidades de trânsito para centenas de migrantes. Quase 90% dos que passam por Irún já estiveram antes nas Canárias.

[ EN ] January 31, 2018. Ceuta, Spain. Dozens of unaccompanied minors live miserably on the streets of Ceuta. They are treated like foreigners, without enough protection. The underside of any truck en route to the peninsula is their hope. Their destination, sometimes, is beyond the Pyrenees. Irun and Bayonne are transit cities for hundreds of migrants. Almost 90% of those who wander about in Irún have previously passed through the Canary Islands.



[ GL ] 6 de setembro de 2016. Melilla. As rochas bañadas polo mar que os trouxo son un espazo seguro para pasar a noite. Cando escurece emerxen, sós ou en pequenos grupos, e así dormen, xuntos para dárense calor. Ao amencer toca poñer a recado as mantas e os plásticos e poñerse en marcha. Pulular pola cidade. Buscar comida e, sobre todo, impedir que os collan.

[ ES ] 6 Septiembre 2016. Melilla. Las rocas bañadas por el mar que les trajo son un espacio seguro para pernoctar. Cuando anochece emergen, solos o en pequeños grupos, y así duermen, juntos para darse calor. Al amanecer, toca poner a buen recaudo las mantas y los plásticos y ponerse en marcha. Pulular por la ciudad. Buscar comida y, sobretodo, impedir que les cojan.

[ PT ] 06 de setembro de 2016. Melilla. As rochas banhadas pelo mar que os trouxe são um espaço seguro para pernoitar. Quando anoitece, emergem sozinhos ou em pequenos grupos, e assim dormem, juntos para se aquecerem. Ao amanhecer, é hora de guardar cuidadosamente as mantas e os plásticos e partir. Andar pela cidade. Procurar comida e, sobretudo, evitar serem capturados.

[ EN ] September 6, 2016. Melilla. The rocks bathed by the sea that brought them are a safe space to spend the night. When it gets dark they emerge, alone or in small groups, and sleep together to keep warm. At dawn, it's time to put the blankets and plastic away and get going. Roam around the city. Look for food and, above all, avoid getting caught.



[ GL ] 22 de maio de 2021. Ceuta, España. Días despois da chegada masiva, sigo en contacto cos nenos do bosque. Dous foron detidos mentres buscaban comida e deportáronos decontado. Outros dous están xa nun centro. Non se encontran moi ben alí, dinme. Tres seguen en paradiro descoñecido. O amigo dun deles cóntame, desde Tetuán, que se agachou no bosque pero foi apresado e deportado en quente, sen garantías.

[ ES ] 22 de mayo de 2021. Ceuta, España. Días después de la llegada masiva, sigo en contacto con los niños del bosque. Dos fueron detenidos mientras buscaban comida y rápidamente deportados. Otros dos están ya en un centro. No se encuentran muy bien allí, me dicen. Tres siguen en paradero desconocido. El amigo de uno de ellos me cuenta, desde Tetuán, que se escondió en el bosque, pero fue apresado y deportado en caliente, sin garantías.

[ PT ] 22 de maio de 2021. Ceuta, Espanha. Dias após a chegada em massa, continuo em contato com as crianças da floresta. Dois foram detidos enquanto buscavam comida e rapidamente deportados. Outros dois já estão em um centro. Eles não estão se sentindo muito bem lá, me dizem. Três ainda estão desaparecidos. O amigo de um deles me conta, de Tetuán, que ele se escondeu na floresta, mas foi capturado e deportado imediatamente, sem garantias.

[ EN ] May 22, 2021. Ceuta, Spain. Days after the mass arrival, I am still in contact with the children of the forest. Two were detained while searching for food and quickly deported. Two others are already in a center. They're not very well there, they tell me. Three are still missing. The friend of one of them tells me, from Tetouan, that he hid in the forest, but he was arrested and deported immediately, without guarantees.





[ GL ] 2 de marzo de 2017. Estación Central, Belgrado. Serbia. Non só acontece na fronteira sur. Hai miles en todas as rutas migratorias. Este é só un exemplo, un dos 26 000 nenos refuxiados non acompañados que sobrevivían en condicións degradantes en 2017, atrapados nos Balcáns e en Grecia tras o acordo entre a UE e Turquía de peche de fronteiras.

[ ES ] 2 Marzo de 2017. Estación Central, Belgrado. Serbia. No solo acontece en la frontera sur. Hay miles, en todas las rutas migratorias. Este es tan solo un ejemplo, uno de los 26000 niños refugiados no acompañados que sobrevivían en condiciones degradantes en 2017, atrapados en los Balcanes y en Grecia tras el acuerdo entre la UE y Turquía de cierre de fronteras.

[ PT ] 02 de março de 2017. Estação Central, Belgrado. Sérvia. Não é apenas na fronteira sul. Há milhares, em todas as rotas migratórias. Este é apenas um exemplo, há 26.000 crianças refugiadas não acompanhadas que sobreviveram em condições degradantes em 2017, presas nos Balcãs e na Grécia após o acordo entre a UE e a Turquia para o fechamento das fronteiras.

[ EN ] March 2, 2017. Central Station, Belgrade. Serbia. It doesn't just happen on the southern border. There are thousands, on all migratory routes. This is just one example, one of the 26,000 unaccompanied refugee children who survived in degrading conditions in 2017, trapped in the Balkans and Greece following the agreement between the EU and Turkey to close borders.





## rodrigo abd

[ GL ] Rodrigo Abd naceu en Bos Aires en 1976. A súa carreira como fotógrafo comezou nos xornais *La Razón* e *La Nación*, entre 1999 e 2003. Desde 2003 é fotógrafo da axencia Associated Press (AP). Ata o 2012, e sacando o 2006 que se estableceu por un ano en Cabul (Afganistán), a súa sede foi Guatemala. Entre 2012 e 2020 residiu en Lima, Perú. Desde 2021 vive en Bos Aires, cubrindo, como durante toda a súa carreira, conflitos sociais por todo o mundo.

Cun equipo de fotógrafos de AP, foron ganadores do Premio Pulitzer 2013 polo seu traballo na guerra civil en Siria e tamén en 2023 pola cobertura da guerra en Ucraína. Entre outros premios individuais, destacan o World Press Photo en 2013, o prestixioso premio Maria Moors Cabot de Columbia University, pola súa excelencia na cobertura en América Latina e o Caribe en 2016, e en 2022 o premio GABO pola súa cobertura da guerra en Ucraína.

[ ES ] Rodrigo Abd nació en Buenos Aires en 1976. Su carrera como fotógrafo comenzó en los periódicos *La Razón* y *La Nación*, entre 1999 y 2003. Desde 2003 es fotógrafo de la agencia "Associated Press" (AP). Hasta el 2012, y con excepción del 2006 que se estableció por un año en Kabul, Afganistán, su sede fue Guatemala. Entre 2012 y 2020 residió en Lima, Perú. Desde 2021 reside en Buenos Aires, cubriendo, como en toda su carrera, conflictos sociales en todo el mundo.

Junto con un equipo de fotógrafos de AP, fueron ganadores del Premio Pulitzer 2013 por su trabajo en la guerra civil en Siria y también en 2023 por la cobertura de la guerra en Ucrania. Entre otros premios individuales se destacan el World Press Photo en 2013, el prestigioso premio Maria Moors Cabot de Columbia University, por su excelencia en la cobertura en Latinoamérica y el Caribe en 2016, y en 2022 el premio GABO por su cobertura de la guerra en Ucrania.

[ PT ] Rodrigo Abd nasceu em Buenos Aires em 1976. Sua carreira como fotógrafo começou nos jornais *La Razón* e *La Nación*, entre 1999 e 2003. Desde 2003, é fotógrafo da agência "Associated Press" (AP). Até 2012, exceto em 2006, quando esteve estabelecido por um ano em Cabul, Afeganistão, sua base foi na Guatemala. Entre 2012 e 2020, residia em Lima, Peru. Desde 2021, reside em Buenos Aires, cobrindo, como ao longo de toda sua carreira, conflitos sociais ao redor do mundo.

Juntamente com uma equipe de fotógrafos da AP, foram ganhadores do Prêmio "Pulitzer" em 2013 por seu trabalho na guerra civil da Síria e também em 2023 pela cobertura da guerra na Ucrânia. Entre outros prêmios individuais, destacam-se o "World Press Photo" em 2013, o prestigioso prêmio "Maria Moors Cabot" da Universidade Columbia, por sua excelência na cobertura na América Latina e no Caribe em 2016, e em 2022, o prêmio "GABO" por sua cobertura da guerra na Ucrânia.

[ EN ] Rodrigo Abd was born in Buenos Aires on 1976. His career as a photographer began in the Argentinean newspapers *La Razón* and *La Nación*, between 1999 and 2003. Since 2003, he has been Staff Photographer for The Associated Press (AP). He was based in Guatemala until 2012, with the exception of 2006, when he was based in Kabul, Afghanistan. Between 2012 and 2020 he established himself in Lima, Peru. Since 2021 he is based in Buenos Aires, from where he continues to cover social conflicts worldwide.

Along with an AP photography team, they won the 2013 Pulitzer Prize for their work on the civil war in Syria and again in 2023 for their coverage of the war in Ukraine. Other major individual awards include: the World Press Photo in 2013, the Maria Moors Cabot award from Columbia University (for excellence in coverage of Latin America and the Caribbean), in 2016; and the GABO award (for his coverage in Ukraine), in 2022.


# INFANCIA INTERROMPIDA

[ GL ] Estas fotos non documentan afgáns cruzando campos, cidades nin mares. Nin as continxencias que afrontan nos lugares onde principia a reconstrución das súas vidas. Este traballo intenta, pola contra, retratar a cotiandade dunha poboación que resiste no territorio de seu, aos dous anos da toma do poder por parte dos talibáns.

Rapazas adolescentes que teñen prohibido estudar —e que xa nin protestan por medo a represalias gobernamentais—, adultas que cada día teñen máis restrinxido o dereito ao traballo; todo no medio dunha crise económica brutal que empurra a miles a emprender a tortuosa viaxe migratoria na procura de refuxio en países veciños ou en Europa.

Foron tomadas cunha cámara “do minuto”, alí chamada *kamra-e-faoree*, un dispositivo moi popular en todo o mundo nos 60, 70 e 80, pero que no país persa seguiu usándose ata principios dos 2000. Foi daquela, camiñando polas rúas de Cabul como correspondente da axencia Associated Press, cando me topei cos fotógrafos da rúa tirando retratos con este traste a quen precisaba fotos de carné ao momento para trámites burocráticos. Eles aprendéronme a usar a cámara e transmitíronme o cariño que sentían por un oficio completamente artesanal.

O obxectivo desta mostra é volver sensibilizar a ese público global que durante décadas puxo o ollo en Afganistán, un país que actualmente semella estar desaparecido da axenda mundial.





### [ ES ] INFANCIA PAUSADA

Estas fotos no documentan a afganos cruzando campos, ciudades ni mares. Ni las contingencias que atraviesan en los lugares donde comienza la reconstrucción de sus vidas. Este trabajo intenta, por el contrario, retratar la cotidianidad de una población que resiste en su propio territorio, a dos años de la toma del poder por parte de los talibanes.

Chicas adolescentes que tienen prohibido estudiar —y que ya ni protestan por miedo a represalias gubernamentales—, adultas que cada día tienen más restringido el derecho al trabajo; todo en medio de una crisis económica brutal que empuja a miles a emprender el tortuoso viaje migratorio buscando refugio en países vecinos o en Europa.

Fueron tomadas con una cámara minúscula, allí llamada *kamra-e-faoree*, un dispositivo muy popular en todo el mundo en los 60, 70 y 80, pero que en el país persa se siguió usando hasta principios de los 2000. Fue en ese tiempo, caminando por las calles de Kabul como corresponsal de la agencia Associated Press, cuando encontré a los fotógrafos callejeros realizando retratos con este trasto a quienes precisaban fotos carné al instante para trámites burocráticos. Ellos me enseñaron a usar la cámara y me transmitieron el cariño que sentían por un oficio completamente artesanal.

El objetivo de esta muestra es volver a sensibilizar a ese público global que durante décadas puso el ojo en Afganistán, un país que actualmente pareciera haber desaparecido de la agenda mundial.

### [ PT ] INFÂNCIA SUSPENSAS

Estas fotos não documentam afegãos cruzando campos, cidades ou mares. Nem as contingências que enfrentam nos lugares onde começam a reconstruir suas vidas. Este trabalho tenta, pelo contrário, retratar a cotidianidade de uma população que resiste em seu próprio território, dois anos após a tomada do poder pelos talibãs.

Meninas adolescentes que são proibidas de estudar — e que nem mesmo protestam mais por medo de retaliação do governo —, mulheres adultas que a cada dia têm mais restringido o direito ao trabalho; tudo isso em meio a uma crise econômica brutal que empurra milhares a empreender a tortuosa jornada migratória em busca de refúgio em países vizinhos ou na Europa.

As fotos foram tiradas com uma câmera instantânea, chamada de *kamra-e-faoree*, um dispositivo muito popular em todo o mundo nas décadas de 60, 70 e 80, mas que no país Persa continuou sendo usado até o início dos anos 2000. Foi nessa época, caminhando pelas ruas de Cabul como correspondente da agência "Associated Press", que encontrei fotógrafos de rua fazendo retratos com esse equipamento, para aqueles que precisavam de fotos instantâneas para trâmites burocráticos. Eles me ensinaram a usar a câmera e transmitiram o carinho que sentiam por uma profissão completamente artesanal.

O objetivo desta exposição é sensibilizar novamente o público global que por décadas voltou seu olhar para o Afeganistão, um país que atualmente parece ter desaparecido da agenda mundial.

### [ EN ] INTERRUPTED CHILDHOOD

These photos do not document Afghans crossing fields, cities, or seas. Nor the unforeseeable risks they go through in the places where they being to reconstruct their lives. This work attempts, on the contrary, to portray the daily life of a population who resist in their own territory, two years after the Taliban takeover.

Teenage girls who are banned from studying—and who don't even protest anymore, for fear of government retaliation—, adult women whose right to employment is increasingly restricted day by day; all amid a brutal financial crisis that forces thousands to undertake the tortuous migratory journey to seek refuge in neighboring countries or in Europe.

These were taken with a box camera, which there they call a *kamra-e-faoree*, a device that was very popular worldwide in the 60s, 70s and 80s, but which continued to be used in this Persian country until the early 2000s. It was at that time, while walking through the streets of Kabul as a correspondent for the Associated Press agency, that I met street photographers using this old thing to take portraits of those who needed instant ID photos for paperwork. They taught me how to use the camera and transmitted to me the love they felt for this completely artisanal craft.

The aim of this exhibition is to raise the awareness of a global audience that for decades had its eye on Afghanistan, a country that currently seems to have disappeared from the world agenda.



[ GL ] Hakimeh, de 55 anos, é abrazada pola súa filla Fereshte, de 17, mentres posan para un retrato na fábrica de alfombras onde traballan en Cabul, Afganistán, o luns 29 de maio de 2023. Nai e filla traballaron xuntas neste obradoiro de alfombras durante un ano. Antes dese emprego, Hakimeh traballou en casas de xente rica. O seu home é xornaleiro, traballa cun carro na cidade. Fereshte estudou ata oitavo grao, pero xa non pode ir á escola desde que as pecharon e traballa para gañar diñeiro e manter a súa familia.

[ ES ] Hakimeh, de 55 años, es abrazada por su hija Fereshte, de 17, mientras posa para un retrato en una fábrica de alfombras donde trabajan en Kabul, Afganistán, el lunes 29 de mayo de 2023. Madre e hija han estado trabajando juntas en este taller de alfombras durante un año. Antes de trabajar en el taller de alfombras, Hakimeh trabajó en casas de gente rica. Su marido es un jornalero que trabaja con un carro en la ciudad. Fereshte estudió hasta octavo grado, pero después del cierre de las escuelas, ya no puede ir a la escuela y trabaja para ganar dinero y mantener a su familia.

[ PT ] Hakimeh, de 55 anos, é abraçada por sua filha Fereshte, de 17, enquanto posam para um retrato em uma fábrica de tapetes onde trabalham em Cabul, Afeganistão, na segunda-feira, 29 de maio de 2023. Mãe e filha têm trabalhado juntas nesta oficina de tapetes por um ano. Antes de trabalhar na fábrica de tapetes, Hakimeh trabalhava nas casas de pessoas ricas. Seu marido é um trabalhador braçal que trabalha com um carrinho na cidade. Fereshte estudou até o oitavo ano, mas após o fechamento das escolas, não pode mais frequentar a escola e trabalha para ganhar dinheiro e sustentar sua família.

[ EN ] Hakimeh (55) is hugged by her daughter Fereshte (17) as she poses for a portrait at a carpet factory where they work in Kabul, Afghanistan, Monday, May 29, 2023. Mother and daughter have been working together on this carpet workshop for a year. Before working in a carpet workshop, Hakimeh worked in rich people's homes. Her husband is a laborer who works with a cart in the city. Fereshte studied until eighth grade, but after schools closed, she can no longer study, and now works to earn money and support her family.





[ GL ] Madina, de 9 anos, posa para unha fotografía dentro da súa escola no barrio de Surqul en Bamiyán, Afganistán, o domingo 18 de xuño de 2023. A súa escola carece de instalacións e os estudantes non teñen mesa nin cadeira.

[ ES ] Madina, de 9 años, posa para una fotografía dentro de su escuela en el barrio de Surqul en Bamiyán, Afganistán, el domingo 18 de junio de 2023. Su escuela no tiene instalaciones y los estudiantes no tienen mesa ni silla.

[ PT ] Madina, de 9 anos, posa para uma fotografia dentro de sua escola no bairro de Surqul em Bamiyán, Afeganistão, no domingo, 18 de junho de 2023. Sua escola não possui instalações e os estudantes não têm mesa nem cadeira.

[ EN ] Madina (9) poses for a photo inside her school in the Surqul neighborhood of Bamiyan, Afghanistan, Sunday, June 18, 2023. Her school has no facilities and students have no table or chair.



[ GL ] Uns nenos refréscanse no río Arghandab nas aforas da cidade de Candahar, Afganistán, o luns 12 de xuño de 2023.

[ ES ] Niños se refrescan en el río Arghandab en las afueras de la ciudad de Kandahar, Afganistán, el lunes 12 de junio de 2023.

[ PT ] Crianças se refrescam no rio Arghandab, nos arredores da cidade de Kandahar, Afeganistão, na segunda-feira, 12 de junho de 2023.

[ EN ] Children cool off in the Arghandab River on the outskirts of Kandahar city, Afghanistan, Monday, June 12, 2023.



[ GL ] Qasina, de 4 anos, saca un anaco de barro coas súas manciñas e amásao ata que é flexible abondo como para utilizalo nun molde de ladrillos nunha fábrica de ladrillos nas aforas de Cabul, Afganistán, o martes 30 de maio de 2023.

[ ES ] Qasina, de 4 años, saca un trozo de barro con sus pequeñas manos y lo amasa hasta que sea lo suficientemente flexible como para utilizarlo en un molde de ladrillos en una fábrica de ladrillos en las afueras de Kabul, Afganistán, el martes 30 de mayo de 2023.

[ PT ] Qasina, de 4 anos, retira um pedaço de barro com suas pequenas mãos e o amassa até que fique flexível o suficiente, para usar em um molde de tijolos em uma fábrica de tijolos nos arredores de Cabul, Afeganistão, na terça-feira, 30 de maio de 2023.

[ EN ] Qasina (4) takes out a piece of clay with her small hands and kneads it until it is flexible enough to use in a brick mold at a brick factory on the outskirts of Kabul, Afghanistan, Tuesday, May 30 of 2023.



[ GL ] Mohammad Naim (31) posa coa súa filla no colo nunha fábrica de ladrillos nas aforas de Cabul, Afganistán, o martes 30 de maio de 2023.

[ ES ] Mohammad Naim (31) posa con su hija en brazos en una fábrica de ladrillos en las afueras de Kabul, Afganistán, el martes 30 de mayo de 2023.

[ PT ] Mohammad Naim (31) posa com sua filha nos braços em uma fábrica de tijolos nos arredores de Cabul, Afeganistão, na terça-feira, 30 de maio de 2023.

[ EN ] Mohammad Naim (31) poses with his daughter in his arms at a brick factory on the outskirts of Kabul, Afghanistan, Tuesday, May 30, 2023.




[ GL ] Razia, de 8 anos, posa para unha fotografía dentro da súa escola no barrio de Surqul en Bamiyán, Afganistán, o domingo 18 de xuño de 2023.

[ ES ] Razia, de 8 años, posa para una fotografía dentro de su escuela en el barrio de Surqul en Bamiyán, Afganistán, el domingo 18 de junio de 2023.

[ PT ] Razia, de 8 anos, posa para uma fotografia dentro de sua escola no bairro de Surqul em Bamiyán, Afeganistão, no domingo, 18 de junho de 2023.

[ EN ] Razia (8) poses for a photo inside her school in the Surqul neighborhood of Bamiyan, Afghanistan, Sunday, June 18, 2023.



[ GL ] Un neno carrega bidóns de auga potable ata a súa casa preto do cemiterio Kart-e Sakhy en Cabul, Afganistán, o xoves 8 de xuño de 2023.

[ ES ] Un niño lleva cubos de agua potable a su casa cerca del cementerio Kart-e Sakhy en Kabul, Afganistán, el jueves 8 de junio de 2023.

[ PT ] Uma criança carrega baldes de água potável para casa perto do cemitério de Kart-e Sakhy em Cabul, Afeganistão, na quinta-feira, 8 de junho de 2023.

[ EN ] A boy carries buckets of drinking water to his home near the Kart-e Sakhy cemetery in Kabul, Afghanistan, Thursday, June 8, 2023.





RODRIGO ABD • INFANCIA INTERROMPIDA

[ GL ] Habibollah, de 27 anos, acompañado do seu fillo Ali Sina, de 5 anos, carga leña para facer lume e cocíñar nun campamento organizado por nómades afgáns chamados kuchis na provincia de Bamiyán, Afganistán, o domingo 18 de xuño de 2023.

[ ES ] Habibollah, de 27 años, carga leña para hacer fuego y cocinar, acompañado de su hijo Ali Sina, de 5 años en un campamento organizado por nómadas afganos llamados kuchis en la provincia de Bamiyán, Afganistán, el domingo 18 de junio de 2023.

[ PT ] Habibollah, de 27 anos, carrega lenha para fazer fogo e cozinhar, acompañado de seu fillo Ali Sina, de 5 anos, em um acampamento organizado por nómades afegãos chamados kuchis na província de Bamiyán, Afeganistão, no domingo, 18 de junho de 2023.

[ EN ] Habibollah (27) carries firewood to make a fire and cook, accompanied by his son Ali Sina (5), in a camp organized by Afghan nomads called kuchis in Bamiyan province, Afghanistan, on Sunday, June 18, 2023.





[ GL ] De dereita a esquerda, Mohammad Rizwan, de 13 anos, Qodratullah, de 12, Muzammel, de 15, e Mohammad, de 10, posan para a fotografía mentres recollen artigos reciclados para vendelos en Cabul, Afganistán, o xoves 1 de xuño de 2023. Saen todos os días, desde as 10 da mañá ata o anoitecer; buscan no lixo e nas rúas elementos que reciclan e venden para axudar economicamente as súas familias.

[ ES ] De derecha a izquierda, Mohammad Rizwan, de 13 años, Qodratullah, de 12, Muzammel, de 15, y Mohammad, de 10, posan para la fotografía mientras recolectan artículos reciclados para venderlos en Kabul, Afganistán, el jueves 1 de junio de 2023. Salen todos los días, desde las 10 de la mañana hasta el anoecer; buscan en la basura y en las calles elementos que reciclan y venden para ayudar económicamente a sus familias.

[ PT ] Da direita para a esquerda, Mohammad Rizwan, de 13 anos, Qodratullah, de 12, Muzammel, de 15, e Mohammad, de 10, posam para a fotografia enquanto coletam materiais reciclados para vender em Cabul, Afeganistão, na quinta-feira, 1º de junho de 2023. Eles saem todos os dias, das 10 da manhã até o anoitecer, buscando lixo nas ruas para reciclar e vendê-lo para ajudar financeiramente suas famílias.

[ EN ] From right to left, Mohammad Rizwan (13), Qodratullah (12), Muzammel (15) and Mohammad (10) pose for the photo while collecting recycled items to sell in Kabul, Afghanistan, Thursday, June 1, 2023. They go out every day. From 10 in the morning until dusk, raiding bins and streets, recycling items and selling them to financially support their families.



[ GL ] Uns nenos xogan no parque de Karte Sakhi en Kabul, Afganistán.

[ ES ] Niños juegan en el parque de Karte Sakhi en Kabul, Afganistan.

[ PT ] Crianças brincam no parque Karte Sakhi em Cabul, Afeganistão.

[ EN ] Children play in Karte Sakhi Park in Kabul, Afghanistan the agreement between the EU and Turkey to close borders.





[ GL ] Dous nenos descansan sobre muros de formigón utilizados como perímetro dunha antiga base militar estadounidense no val de Arghandab, na periferia da cidade de Candahar, Afganistán, o domingo 11 de xuño de 2023.

[ ES ] Dos niños descansan sobre muros de hormigón utilizados como perímetro de una antigua base militar estadounidense en el valle de Arghandab, en las afueras de la ciudad de Kandahar, Afganistán, el domingo 11 de junio de 2023.

[ PT ] Dois meninos descansam sobre muros de concreto utilizados como perímetro de uma antiga base militar dos Estados Unidos no vale de Arghandab, nos arredores da cidade de Kandahar, Afeganistão, no domingo, 11 de junho de 2023.

[ EN ] Two boys rest on concrete walls used as the perimeter of a former US military base in the Arghandab Valley, on the outskirts of Kandahar city, Afghanistan, Sunday, June 11, 2023.



[ GL ] Khatira, de 7 anos, posa para a fotografía fóra da súa casa preto dos restos da estatua xigante de Buda destruída polos talibáns en 2001, en Bamiyán, Afganistán, o domingo 18 de xuño de 2023.

[ ES ] Khatira, de 7 años, posa para la fotografía afuera de su casa cerca de los restos de la estatua gigante de Buda destruida por los talibanes en 2001, en Bamiyán, Afganistán, el domingo 18 de junio de 2023.

[ PT ] Khatira, de 7 anos, posa para a fotografía do lado de fora de sua casa, perto dos restos da gigantesca estátua de Buda destruída pelos talibãs em 2001, em Bamiyán, Afeganistão, no domingo, 18 de junho de 2023.

[ EN ] Khatira (7) poses for the photo outside her home near the remains of the giant Buddha statue destroyed by the Taliban in 2001, in Bamiyan, Afghanistan, Sunday, June 18, 2023.

[ GL ] Abdul Qader Ghazizada (61) camiña por unha montaña; leva ás cabaliñas o seu fillo, Ahmad Sir, de dous anos. Cabul, 28 de maio de 2023.

[ ES ] Abdul Qader Ghazizada (61) camina por una montaña cargando a su hijo, Ahmad Sir, de dos años. Kabul, 28 de mayo de 2023

[ PT ] Abdul Qader Ghazizada, de 61 anos, caminha pela montanha carregando seu filho, Ahmad Sir, de dois anos. Cabul, 28 de maio de 2023.

[ EN ] Abdul Qader Ghazizada (61) walks up a mountain carrying his two-year-old son, Ahmad Sir. Kabul, May 28, 2023.



[ GL ] Dous nenos contemplan a cidade desde un edificio en construción. Cabul, Afganistán. Maio de 2023.

[ ES ] Dos niños contemplan la ciudad desde un edificio en construcción. Kabul, Afganistán. Mayo 2023.

[ PT ] Dois meninos contemplan a cidade de um edifício em construção. Cabul, Afeganistão. Maio de 2023.

[ EN ] Two children contemplate the city from a building under construction. Kabul, Afghanistan, May 2023.





